



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
García Mateo, M<sup>a</sup> Del Carmen  
García Pino, Antonio  
González Pillado, Esther M<sup>a</sup>  
Hernández Sánchez, Jesús  
Membrela Iglesia, Pedro  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

### DECANOS/DIRECTORES:

Garrido Valenzuela, Irene  
González Piñeiro, Luis  
Mejuto Fernández, Juan Carlos  
Muñoz López, Luis  
Ortiz Torres, Luis  
Pena Rodríguez, Alberto  
Pereira Domínguez, Alejandro  
Pousada Carballo, José María  
Sueiro Justel, Joaquín  
Vidal Vázquez, Ricardo

### PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Domínguez Martín, Jorge  
González Vázquez, Encarnación  
Legido Soto, José Luis  
Liz Marzán, Luis Manuel  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

### PDI-B:

### ESTUDANTES:

### PAS:

Torres Vázquez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

### DESCULPAN ASISTENCIA:

Cidrás Pídre, José  
Cruces Colado, Susana  
Fariñas Valiña, Iago  
Martínez Insua, Ana  
Molares Pérez, Lucía  
Pérez Losada, Fermín  
Rodeiro Iglesias, Javier

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do mércores 9 de maio de dous mil sete, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día 9 de maio de 2007, ás 10:12 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2007.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
4. Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.
5. Aprobación, se procede, de solicitude de cambio de área.
6. Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso académico 2007/2008.
7. Aprobación, se procede, da delegación na COAP de aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2007/2008.
8. Aprobación, se procede, de proposta de calendario de primeiro e segundo ciclo para o curso académico 2007/2008.
9. Aprobación, se procede, da proposta de calendario de Programas Oficiais de Posgrao para o curso académico 2007/2008.
10. Aprobación, se procede, da proposta de calendario de presentación de novas propostas de Programas Oficiais de Posgrao. (Convocatoria 2007).
11. Aprobación, se procede, da constitución da Comisión de Posgrao.
12. Resolución do recurso de reposición presentado por D. Paulino Alegre Fidalgo.
13. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Miguel Ángel Crespo Domínguez.
14. Ampliación do artigo 4 das normas de execución do orzamento.
15. Aprobación, se procede, da Memoria Económica do 2006.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.
17. Aprobación, se procede, do seguinte curso: I Curso de especialista en enfermaría de urxencias, emerxencias e catástrofes.
18. Aprobación, se procede, da normativa sobre grupos de investigación.

19. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo. Curso académico 2007/08.
20. Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Enxeñaría de Sistemas e Automática, da Escola Superior de Enxeñaría Informática e da Facultade de Filoloxía e Tradución.
21. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións.
22. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e as universidades galegas para a promoción da práctica deportiva – Convenios marco e específico de intercambio de estudantes coa Universidade Autónoma da Baixa California (México) – Convenio marco de colaboración coa Fundación Universidade de Bogotá Jorge Tadeo Lozano (Colombia) – Convenio coa Universidade Autónoma de Coahuila (México) – Convenios de cooperación académica e de intercambio de estudantes coa Universidade Western Sydney (Australia) – Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as universidades galegas para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural e inmaterial de Galicia.
23. Elección para cubrir unha praza vacante polo sector de Estudantes na Comisión de Investigación (delegada do Consello de Goberno).
24. Rogos e preguntas.

**Punto 1.-** Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 14 de marzo de 2007.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.-** Informe do reitor.

Comeza o reitor o seu informe facendo referencia as diversas novidades producidas no proceso de reforma actualmente en marcha no sistema universitario español.

En primeiro lugar, como seguramente coñecerán, a principios do mes pasado foi aprobada a Lei de Reforma da LOU, que entrou en vigor o día 2 do presente mes de maio. A Lei de Reforma confirma a maioría dos cambios que foron anticipados durante os últimos meses, entre outros :

- Substitución do sistema de habilitación establecido na LOU de 2001 por un novo procedemento de acreditación curricular, sen presenza física e sen número límite de acreditados. Con posterioridade, cada universidade deberá convocar e resolver concursos abertos para decidir a incorporación de novo profesorado acreditado.

- Eliminación do catálogo pechado de Títulos Oficiais de Ensino Universitario e creación dun rexistro no que as universidades deberán validar os títulos que teñan intención de impartir.

- Nova estrutura de títulos universitarios, substituíndo o esquema actual de diplomaturas e licenciaturas por un novo modelo de graos e posgraos, incluíndo entre estes últimos os títulos de máster e doutoramento.

- Excedencia tecnolóxica de cinco anos para creación de empresas de base tecnolóxica.

- Contratos de axudante a 5 anos, cunha docencia máxima de 6 créditos prácticos. Cuestión que ten provocado bastante descontento.

- Novos planes de estudo adaptados ao EEES, con directrices de elaboración (aínda non publicadas) e cun calendario de adaptación que comeza no vindeiro curso 2007-08 e concluirá no curso 2009-2010.

- O curso 2009-2010, por tanto, será o último curso de matrícula nos títulos e plans vellos, e no curso 2010-2011 so poderá facerse a matrícula para títulos e plans novos.

En segundo lugar, a Lei de Reforma anuncia a elaboración de dous novos estatutos, un de PDI e outro de estudantes, así como unha nova disposición para regulamentar o doutoramento . A publicación destas novas normas esta comprometida no prazo máximo dun ano. Ademais, o ministerio compromete para os vindeiros dous meses un documento definitivo de “Directrices Xerais”, así como un novo decreto de grao-posgrao nun prazo máximo de 4 meses. A Consellería de Educación da Xunta de Galicia, pola súa banda, anuncia unha inminente disposición para regular as “Liñas básicas de implantación dos estudos de grao”.

En resumen, temos diante un escenario normativo moi cambiante para os vindeiros meses, que nos obriga a ser cautos e non acelerar demasiado a nosa propia adaptación normativa.

De feito, a propia Lei de Reforma da LOU que acaba de entrar en vigor xa introduce esa cautela na súa disposición adicional 8ª, ao conceder un período de 3 anos ás universidades para proceder á adaptación dos seus estatutos e ao facer previsión, mentres tanto da posibilidade de que os claustros elaboren as “Normas de aplicación” que sexan necesarias para incorporar os aspectos xa resoltos e aprobados, agardando pola adaptación definitiva á aprobación das disposicións anunciadas e pendentas.

É intención deste equipo de goberno facer canto antes esa adaptación parcial e manter viva a comisión do Claustro, para completar a adaptación global dos Estatutos da Universidade de Vigo, no momento no que se produza a entrada en vigor desas disposicións pendentas. Ademais, en canto se dispoña das “Directrices” do Ministerio e da Xunta para a elaboración dos novos planos de estudio, quérese promover a súa difusión e discusión en todos os centros e campus da Universidade de Vigo, asunto no que o reitor pensa implicarse persoalmente, xunto coa vicerreitora de Posgrao. Coa mesma intención, se está programando para o vindeiro mes de setembro unhas xornadas nas que se quere contar coas autoridades educativas responsables a nivel ministerial e autonómico, para debater todos estes asuntos.

Respecto das “Directrices para a elaboración dos novos plans de estudos”, o Ministerio segue a elaborar borradores e a sometelos a discusión nas diversas sub-comisións creadas polo Consejo de Coordinación Universitaria. No momento actual está a traballar na Sub-Comisión de Ensinanzas Técnicas, xunto coas escolas de enxeñaría e os colexios profesionais respectivos no tema dos títulos con competencias profesionais recoñecidas. O que se pretende é que quede clara a seguinte diferenciación:

- *Por unha banda*, está a *competencia profesional*, que se adquire co título que imparten as universidades. Estará xeralmente vencellada aos novos títulos de grao, aínda que estanse a buscar fórmulas para que as universidades poidan asignala parcialmente aos masters.

- *Por outra*, están as *atribucións profesionais* : son actos profesionais reservados por lei a determinadas profesións reguladas. Respetarase o status quo actual neste sentido, aínda que non haberá un catálogo previo de profesións reguladas, dada a súa diversidade, diferente intensidade, procedencia, orixe, autoridade competente (UE, Estados, CC.AA.), etc.

Convén que teñamos clara esta diferenciación: existen títulos universitarios con competencia profesional incuestionable que, sen embargo, non teñen atribucións profesionais por lei. É o caso, por exemplo, dos títulos e das profesións seguintes :

Licenciado en Medicina: Profesión de Médico.

Licenciado en Dereito: Profesión de Avogado.

Licenciado en LADE: Profesión de Economista.

Como é obvio, nada lles afecta a estes títulos esa ausencia de regulación, posto que o mercado laboral define claramente a súa aceptación sen necesidade de facer cotos ou reservas especiais por lei.

En todo caso, as universidades queren que queden ben claras dúas cousas: a) primeiro, que non se mesturen os dous conceptos. O título universitario concede competencia profesional, isto non se discute, despois, haberá ou non atribucións profesionais atribuídas por lei, que deberá resolver en todo caso a autoridade lexislativa competente (normalmente, un órgano ministerial); b) e segundo, a decisión sobre cando un título elaborado por unha universidade ten dereito ás atribucións profesionais lexisladas non debe quedar nas mans dos colexios profesionais, senón que debe ser unha prerrogativa do Ministerio de Educación a través do Consejo de Universidades.

O pasado 24 de abril celebrouse o último pleno do Consejo de Coordinación Universitaria, órgano que desaparece coa reforma da LOU. Neste pleno a Ministra de Educación referiuse a 3 asuntos que poden ter un especial interese:

a) En primeiro lugar, ao problema suscitado para o PDI próximo a cumprir os 65 anos, ao coincidir a recente aprobación e simultánea publicación da Lei Orgánica 4/2007 de Reforma da LOU, e a Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público. Estas disposicións, sobre todo a última, introduce modificacións no réxime de xubilación do profesorado universitario, que pasa a ser obrigatoria a partir dos 65 anos. O MEC asumiu o descoido e o Secretario Xeral do Ministerio comprometeuse publicamente na mesma sesión a publicación dunha resolución correctora ao longo desta mesma semana. Pese a todo, nos tiñamos preparada unha resolución reitoral para permitir unha solicitude individual por parte dos afectados para darlle amparo ao mantemento da súa situación laboral ata os 70 anos. Esta mesma mañá chegou por correo electrónico unha interpretación do Ministerio de Administracións Públicas entendendo que debe entenderse en vigor a disposición adicional 15.5 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública, de tal xeito que se mantén a situación como está coa xubilación ata os 70 anos.

b) En segundo lugar, a ministra anunciou a inminente aprobación dun decreto de acreditación para institucionalizar con rapidez o novo sistema de incorporación do profesorado universitario. A data prevista a tal efecto é finais do presente mes de maio.

c) Por último, nesta mesma sesión do Consejo de Coordinación Universitario foi presentado o informe “*Financiación do Sistema Universitario Español*”, que, entre outros datos de interese, estima un déficit orzamentario moi próximo aos 3.000 millóns de euros se se quere acadar o obxectivo de aproximar o sistema universitario español aos requirimentos da nova estratexia de Lisboa asumidos polos nosos veciños europeos. O informe pode ser descargado da páxina web do Consejo e da Universidade de Vigo.

Respecto doutros asuntos, quero informarlles dunha cuestión que se ten suscitado como pregunta neste órgano de goberno. Trátase dos horarios de apertura nocturna e de fin de semana nas bibliotecas polos exames do segundo cuadrimestre. Son os seguintes:

Apertura nocturna: do 7 de maio ao 20 de xuño de 2007 - Apertura das Bibliotecas Centrais de Ourense e Pontevedra, así como a de Torrecedeira-Vigo (de 9 a 3 h da madrugada).

Apertura de fin de semana: sábados e domingos entre o 5 de maio e o 7 de xuño de 2007 – Apertura das Bibliotecas Central de Ourense e Torrecedeira (de 8 a 22 h).

Debo informarlles, ademais, de diversos acontecementos relevantes producidos no ámbito xerencial e de persoal desta universidade nas últimas semanas:

a) En primeiro lugar, comunica que durante o pasado mes de abril presentaron a dimisión dos seus postos respectivos os anteriores Xerente, D. Manuel Castro Oliva, e Vice-Xerente, D. Pedro Sánchez Fernández, en ambos os dous casos a pedimento propio e por razóns persoais segundo reza nos seus respectivos escritos. Anuncia a este respecto que o pasado 26 de abril nomeei en funcións un novo equipo de xerencia, integrado por:

XERENTE : D. Antón Vidal Andión  
 VICE-XERENTES: D. Jesús Graña Nogueiras  
 D. José González Groba

Anuncia tamén que, informado o Consello de Goberno destes nomeamentos e aprobada esta proposta polo Consello Social, será confirmada ao longo deste mesmo mes. En todo caso, que esta é unha solución xerencial de transición, acordada nestes termos coas persoas designadas, ás que quero agradecerlle moi sinceramente a súa implicación e o empeño compartido en defender á institución. Por outra banda, informa que está facendo unha búsqueda de ámbito nacional para atopar un grupo xerencial, non so un xerente senón un grupo de tres ou catro persoas.

b) En segundo lugar, informa da dimisión de D. Ignacio Munilla como Director da Oficina de Medio Ambiente e da asunción das súas funcións por D. Daniel De la Torre, Comisionado do Departamento Técnico.

c) En terceiro lugar, informa do nomeamento da profesora Dona Angeles Cancela Carral como Directora da Área de Programas de Calidade, dependente da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Legido para preguntar que tipo de implicación pode ter a estrutura de grao e posgrao e tendo en conta as competencias profesionais, a normativa que poida aprobar a Unión Europea sobre este mesmo tema. É dicir, se aprobado un grao cunha determinada capacitación profesional pode ocorrer que Europa aprrobe unha directiva nun senso diferente.

O reitor resposta que os reitores solicitaron ao MEC que aprobara un catálogo de profesións regradas, pero o MEC contestou que non haberá catálogo. O goberno debería comprobar si existe normativa europea sobre este tema para evitar problemas futuros.

Intervén novamente o prof. Legido para expoñer que no plan de financiamento, no que respecta ao custo da investigación e da docencia é moi importante coñecer os custos fixos e que se saiba na Universidade de Vigo canto é. Estes datos son fundamentais para ter unha estrutura competitiva.

O reitor sinala que si as Comunidades Autónomas aceptan incorporar un custo fixo por investigación, de acordo con que se propón no informe isto é unha boa noticia para universidade.

O Prof. Legido volve a intervir, para sinalar que no relativo ao cambio na xerencia que o importante é ter claro cal é o modelo de xerencia que interesa a esta universidade e que corresponde ao equipo de goberno establecela.

O reitor resposta que efectivamente ten moita relevancia e que a aposta xerencial é importante e que por iso debe buscarse a persoa adecuada con calma. Pon de manifesto que a universidade ten cambiado moito nos últimos anos e que é necesario adaptar o modelo de xerencia á universidade. Neste sentido, o modelo de xerencia está xa definido: debe existir unha xerencia estratéxica, una vicexerencia académica ou académica e económica e outra centrada nos aspectos innovadores (calidade, novas tecnoloxías...).

**Punto 3.-** Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se recibiu solicitude de autorización da prórroga ata o 30 de setembro de 2007 da Comisión de Servizos do Profesor Titular de Escola Universitaria do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía (área de Filosofía Moral) D. Antón Fernández Álvarez para o posto de Xefe do Servizo de Apoio a Innovación Empresarial na Dirección Xeral de Investigación Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Innovación e Industria. Cóntase cos informes favorables do Consello de Departamento e da COAP, reunida o pasado 10 de abril de 2007.

Aprobación por asentimento.

**Punto 4.-** Aprobación, se procede, das prazas a prover mediante concurso de acceso entre habilitados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que se teñen solicitado dúas prazas: unha de Catedrático de Universidade na área (590) de Máquinas e Motores Térmicos (Departamento T03 de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos). O Profesor Titular D. José Luis Míguez Tabares acadou unha habilitación na última convocatoria; outra de Profesor Titular de Universidade na área (420) de Xenética (Departamento C03 de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía). D. David Posada González, Investigador contratado do programa Ramón y Cajal, acadou habilitación na última convocatoria.

Ambas propostas contan coa aprobación da COAP reunida na mesma data de 10 de abril de 2007.

Apróbase por asentimento.

**Punto 5.-** Aprobación, se procede, de solicitude de cambio de área.

Están convocados como interesados os directores dos dous departamentos implicados: o Prof. Carlos de Miguel, Director do Departamento de Fundamentos de Análise Económica e Historia e Institucións, e o Prof. José Carlos Arias Moreira, Director do Departamento de Economía aplicada.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que foi presentada unha solicitude de cambio de área do Profesor Titular de Universidade D. Jaime Alonso Carrera da área de Economía Aplicada á área de Fundamentos de Análise Económico. A solicitude basease en argumentos curriculares e ven acompañada de informes de apoio de dous Catedráticos de Universidade: D. Alfonso Novales Cinca (Universidade Complutense de Madrid) e D<sup>a</sup> Inés Macho-Stadler (Universidade Autónoma de Barcelona). O Departamento de Economía Aplicada informa favorablemente a solicitude. O Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas emitiu informe neutro tras unha votación cuxo resultado foi 10 votos favorables, 10 en contra e un voto en branco.

A COAP, na súa reunión do pasado 10 de abril, tras examinar a solicitude e tendo en conta a situación das áreas afectadas non atopa impedimento para que a solicitude do Profesor poida ser cursada ao Consello de Coordinación Universitaria polo que informa favorablemente a este Consello de Goberno acerca da solicitude.

Apróbase por asentimento.

**Punto 6.-** Renovación, se procede, do acordo de transformación de profesores PP1 en asociados T2TC para o curso académico 2007/2008.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen somete ao Consello de Goberno a pertinente autorización para proceder á transformación dos profesores PP1 que rematen o seu contrato o 30/09/07 en profesores asociados T2TC ata o 30 de setembro de 2008, en caso de que non teñan lida a tese de doutoramento.

Os profesores previamente transformados en T2-TC ata 30/09/07 rematarán o seu contrato con data 28/02/08 se non teñen depositada ou lida a tese de doutoramento nesa data.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.-** Aprobación, se procede, da delegación na COAP de aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2007/2008.

Solicita o reitor aos membros do Consello de Goberno esa delegación que se aproba por asentimento.

**Punto 8.-** Aprobación, se procede, de proposta de calendario de primeiro e segundo ciclo para o curso académico 2007/2008.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que se trata de dúas propostas, unha para a modalidade A de calendario que neste momento só está vixente na Facultade de Ciencias de Ourense e outra para a modalidade B. Ambas propostas foron xa remitidas a todos os decanos e directores de centros e debatidas nunha reunión mantida o día dous de maio.

As propostas son continuistas coas vixentes neste curso académico e destaca que na modalidade B de calendario as clases se iniciarán o día 24 de setembro, unha semana mais tarde do previsto para o actual curso académico, para desta forma permitir o desenvolvemento dos exames de selectividade os días 18 e seguintes de forma axeitada.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén primeiramente o Prof. Legido quen sinala que carece de sentido a existencia neste momento de dous calendarios e adianta que non apoiará a proposta presentada.

O reitor resposta que non distorsiona nada a existencia de dous calendarios e a vixencia da modalidade A de calendario permite observar como está funcionando o mesmo e o nivel de satisfacción que provoca. Examinada a experiencia práctica, debería abrirse novamente un debate sobre calendario.

O Prof. Legido alega que o calendario ten que ser realista coa situación e non se pode obviar que non é coherente co sistema do SUG. Reitera novamente o seu desacordo coa política relativa ao dobre calendario.

A Secretaria Xeral intervén para apuntar que na reunión mantida cos decanos e directores de centros, falouse por parte de algúns deles da posibilidade de cambiar de modalidade.

O Prof. Berrocal opina que a modalidade de calendario A é unha experiencia do anterior reitor e que foi fallida. Considera que podería facerse unha proposta de calendario única e deixar a modalidade B como un proxecto piloto.

Tanto o reitor como a Secretaria Xeral consideran que esa opción no é adecuada e que deben aprobarse as dous modalidades por este Consello de Goberno.

O Prof. González Piñeiro solicita que no primeiro cuatrimestre se amplíe o prazo de entrega de actas ata o día 29 de febreiro.



Procédese a votación sobre as dúas modalidades de calendario:

Votos a favor: 21

Votos en contra: 0

Abstencións: 6.

Apróbanse por maioría as propostas de calendario que constan no **anexo 1**.

**Punto 9.-** Aprobación, se procede, da proposta de calendario de Programas Oficiais de Posgrao para o curso académico 2007/2008.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón o contido básico da proposta de calendario de programas oficiais de posgrao para o curso académico 2007/08 que se recolle no **anexo 2**, e que foi remitido previamente aos coordinadores de POPs e aprobado pola Comisión de Posgrao.

Apróbase por asentimento.

**Punto 10.-** Aprobación, se procede, da proposta de calendario de presentación de novas propostas de Programas Oficiais de Posgrao. (Convocatoria 2007).

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón a necesidade de aprobar un calendario de presentación de novas propostas de POPS e de modificación dos xa aprobados e sinala que a proposta que se presenta foi elaborada conxuntamente coas Universidades de Santiago e Coruña e aprobada pola Comisión de Posgrao de 26 de abril.

O Prof. Legido manifesta que debería engadirse no anexo, que se trata dun calendario non só para os novos títulos senón tamén para as modificacións dos xa existentes.

A vicerreitora entende que efectivamente debe engadirse esa mención ao adxectivo substancial.

O Prof. Legido intervén novamente para sinalar que debe quedar ben definido a qué se refire o calendario e pregunta se tamén é aplicable aos supostos de adaptacións dos POPs ás novas normativas.

A vicerreitora sinala, que o decreto da Xunta non especifica se alude a calquera modificación importante e neste momento se negocia coa Xunta para que as adaptacións non se consideren reforma dos POPs, pero entende que ese non é o punto que se debate aquí. Engade que neste momento se ten remitido un e-mail a todos o coordinadores de POPs para que envíen as súas modificacións para estudialas e preguntar á Xunta se se consideran ou non substanciais.

Apróbase por asentimento a proposta que consta como **anexo 3**.

**Punto 11.-** Aprobación, se procede, da constitución da Comisión de Posgrao.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen expón a composición da comisión que consta no **anexo 4**. Aproveita a ocasión para agradecer aos membros da anterior comisión de posgrao a súa xestión e ben facer.

Apróbase por asentimento.

**Punto 12.-** Resolución de recurso de reposición presentado por D. Paulino Alegre Fidalgo.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral, quen sinala que este punto decae debido á presentación por parte do recorrente dun escrito de retirada do recurso.

**Punto 13.-** Resolución do recurso de alzada presentado por D. Miguel Ángel Crespo Domínguez.

Está citado como interesado o decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias de Vigo, o Prof. Martín Moreno.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen fai un pequeno resumo dos feitos que deron lugar a este recurso:

- Con data de 16 de xaneiro de 2007 a COAP informa favorablemente a “aprobación do programa da aula empresa institución: Dirección e xestión da empresa familiar”.

- O 9 de febreiro de 2007, fírmase o convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Cátedra de Empresa Familiar para a creación de aulas empresas/institucións (Aulas E/I), dentro do programa de relacións co entorno social do plan de calidade docente.

- O 21 de marzo de 2007 o Prof. Crespo Domínguez presenta recurso administrativo contra o acordo da COAP polo que se acorda informar favorablemente a “aprobación do programa da aula empresa institución: Dirección e xestión da empresa familiar”, recurso que se amplía tras a solicitude de documentación á Universidade, mediante escrito de 21 de abril de 2007 (escrito que foi entregado neste momento os membros do Consello de Goberno). No recurso solicita o recorrente a anulación da apertura dos trámites para o inicio e posterior desenvolvemento do curso “Dirección e xestión da empresa familiar”.

A argumentación básica do recurso é o incumprimento pola COAP dos Estatutos da Universidade de Vigo, sen especificarse concretamente cales son as concretas disposicións infrinxidas.

De acordo co informe de asesoría xurídica, de todas as alegacións feitas polo recorrente, hai algunhas que deben ser rexeitadas de forma inicial debido a que quedan fora do obxecto concreto do recurso que se centra, como se reflexa claramente no recurso, na impugnación do acordo da COAP que informa favorablemente a “aprobación do programa da aula empresa institución: Dirección e xestión da empresa familiar”.

En concreto, quedan fora do obxecto deste recurso as seguintes alegacións do recorrente:

- En primeiro lugar, todas as obxeccións xurídicas que se fan polo recorrente dirixidas contra o convenio firmado entre a Universidade e a Cátedra da Empresa familiar posto que se trata dun trámite posterior á creación das aulas de formación.

- En segundo lugar, todas as alegacións de posibles incumprimentos por parte da directora da Cátedra da Empresa Familiar, a Prof. Cibrán, cuestión que non pode ser revisada a través desta vía, sendo a comisión mixta de Cátedra a competente para examinar o grado de cumprimento da mesma.

Deste xeito o obxecto do recurso queda basicamente limitado ó seguinte:

1.- Á obxección relativa a que a proposta do curso non foi aprobada pola Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo. Argumentación que debe ser rexeitada debido a que non existe ningunha norma da Universidade onde se recolla a necesidade desta aprobación previa.

2.- A denuncia de que a directora da Cátedra da Empresa familiar vai cobrar 600 euros con independencia dos ingresos correspondentes á docencia que impartirá. Alegación que tamén debe ser rexeitada debido a que a remuneración por dirección é un concepto diferente á remuneración por docencia, e non existe obstáculo xurídico algún para a súa aprobación.

3.- Repróchase como defecto de legalidade do acordo da COAP que se lle outorgara á Cátedra de Empresa Familiar o carácter de entidade.

Aos efectos que aquí interesan do que se trata é de determinar se a Cátedra de Empresa Familiar pode promover a proposta de aulas empresa/institución que aproba a COAP na sesión de 16 de xaneiro de 2007. A este respecto debe quedar claro que no acordo de colaboración entre Caixanova, Inditex, o Instituto de Empresa familiar, a Asociación Galega de Empresa Familiar e a Universidade de Vigo, asinado o 13 de xuño de 2005, na súa cláusula I establece que a Cátedra terá por obxecto a análise, investigación e docencia da realidade e problemas da empresa familiar, indicando despois na cláusula 3 que a dirección da Cátedra asume baixo a súa dirección a execución do programa de actividades da mesma. Ademais, reflíctese tamén que a Cátedra non está sufragada por diñeiro público senón polas empresas asinantes do convenio. Deste xeito queda claro que a Cátedra de Empresa Familiar non forma parte da Universidade de Vigo, e son Caixanova, Inditex e a Asociación de Empresa Familiar as que sufragan os proxectos. Polo tanto é perfectamente posible que a Cátedra promova esta proposta.

Por todo o exposto a asesoría xurídica entende que debe ser desestimado o recurso presentado polo Prof. Crespo e esa é a proposta que se fai a este Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

**Punto 14.-** Ampliación do artigo 4 das normas de execución do orzamento.

Intervén o reitor para sinalar que o obxectivo desta reforma é arbitrar un mecanismo que evite a paralización dos procedementos en materia de execución orzamentaria ante situacións de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa que desempeña o cargo de xerente. Por ese motivo, no artigo 4 das normas de execución do orzamento nos apartados relativos ás competencias que o Consello de Goberno delega no Xerente, propónse, onde fai referencia as competencias exercidas polo Xerente por delegación do Consello de Goberno, engadir a continuación:

“e, por suplencia, ao Vicexerente de Asuntos Económicos, en situacións de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa que desempeña a Xerencia”.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.-** Aprobación, se procede, da Memoria Económica do 2006.

Intervén o reitor para expoñer o contido básico da memoria económica da Universidade de Vigo, así como das contas de liquidación das sociedades nas que participa a Universidade de Vigo (Cidade Universtaria SA e Unirisco, Sociedad de Capital de Riesgo, SA, e ás relativas á Fundación Universidade de Vigo), que se recolle no **anexo 5**.

Intervén o Prof. Legido para por de manifesto a conveniencia de que se remita a documentación deste punto en formato electrónico, así como a remisión dun resumo de toda esta información, para facilitar o estudo da documentación por parte dos membros do Consello de Goberno.

O reitor comenta en primeiro lugar a imposibilidade de remitir a memoria de forma telemática e trasladará ao servizo correspondente a recomendación de facer un resumo para remitilo aos membros do Consello de Goberno, aínda que entende que non é unha tarefa fácil.

Apróbase por asentimento.

**Punto 16.-** Aprobación, se procede, dos seguintes importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición.

Intervén o reitor para relatar o contido básico dos importes e aplicacións para incorporación de remanentes de libre disposición que constan no **anexo 6**.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 17.-** Aprobación, se procede, do seguinte curso: I Curso de especialista en enfermaría de urxencias, emerxencias e catástrofes.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen sinala que a proposta de curso foi examinada pola COAP na súa reunión do pasado 10 de abril e informada favorablemente.

Apróbase por asentimento.

**Punto 18.-** Aprobación, se procede, da normativa sobre grupos de investigación.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Investigación quen expón o contido básico desta normativa sobre grupos de investigación, que xa foi aprobada previamente pola Comisión de Investigación.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Pide a palabra en primeiro lugar o Prof. Legido para manifestar a necesidade de establecer cautelas fronte á liberdade dos investigadores de adscribirse aos grupos de investigación.

O vicerreitor resposta que hai dúas salvagardas: unha porque se establece a obriga de que os investigadores fagan fronte a seus compromisos adquiridos e outra porque os tecnólogos no caso de prazas cofinanciadas polo grupo de investigación, o tecnólogo pertencerá ao grupo que asume o cofinanciamento. En caso de solicitar cambio de grupo, este so poderá atenderse se o grupo que recibe ao tecnólogo se fai cargo do financiamento.

O Prof. Berrocal manifesta a súa dúbida de que este documento que se presenta fora aprobado previamente pola Comisión de Investigación da que el forma parte. Ao que resposta o vicerreitor que así consta na acta, salvo a exposición de motivos que se incorporou despois.

Continúa sinalando o Prof. Berrocal que hai prazas de investigador que se xeran polos grupos de investigación e nese caso debe darse o mesmo trato que se fora una praza cofinanciada. O compromiso dos investigadores non pode ser solo económico porque haberá casos nos que si o grupo non existe o investigador tampouco.

Debátese sobre a situación dos Parga Pondal na Universidade con intervención do profesores Berrocal, Legido, Iglesias Briones, o vicerreitor de Investigación e o reitor.

O remate deste debate o vicerreitor de Investigación reitera a necesidade de defender a liberdade dos investigadores para pertencer ao grupo de investigación que estimen oportuno, sen que sexa necesario o permiso do investigador principal.

Para chegar a un punto de consenso o reitor pregunta se sería suficiente incorporar ao parágrafo relativo á liberdade dos investigadores a seguinte cautela “sempre que respecten os compromisos asinados”.

Debátese sobre a suficiencia da cautela entre o reitor, o vicerreitor de Investigación de Investigación e o Prof. Berrocal.

Conclúe o reitor sinalando que se trata de preparar un texto que nos permita funcionar pero que a Comisión de Investigación debe estar moi pendente deste tema para detectar calquera problema derivado da aplicación desta normativa para proceder, de selo caso, a súa revisión.

Apróbese por asentimento o texto que se recolle no **anexo 7**.

**Punto 19.-** Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo. Curso académico 2007/08.

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes quen expón o contido concreto da convocatoria de prazas de bolsas de aloxamento para estudantes da Universidade de Vigo para o vindeiro curso académico, que consta no **anexo 8**.

Apróbase por asentimento.

**Punto 20.-** Aprobación, se procede, dos Regulamentos de réxime interno dos Departamentos de Enxeñaría de Sistemas e Automática, da Escola Superior de Enxeñaría Informática e da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen expón que todos teñen informe favorable de asesoría xurídica e teñen sido revisados polo servizo de normalización lingüística.

Pregunta a Prof. González Vázquez polo sentido de aprobar estes regulamentos neste momento cando estamos en pleno proceso de cambio normativo.

A Secretaria Xeral contesta que se trata de adaptacións necesarias á normativa actualmente vixente e que, posteriormente, deberán adaptarse de novo aos novos estatutos da universidade, que aínda tardarán en aprobarse.

Apróbanse por asentimento

**Punto 21.-** Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións.

Intervén o reitor para expoñer o interese que para a Universidade de Vigo ten a participación nesta fundación, tendo en contas as empresas que participan na mesma.

Apróbase por asentimento

**Punto 22.-** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e as universidades galegas para a promoción da práctica deportiva – Convenios marco e específico de intercambio de estudantes coa Universidade Autónoma da Baixa California (México) – Convenio marco de colaboración coa Fundación Universidade de Bogotá Jorge Tadeo Lozano (Colombia) – Convenio coa Universidade Autónoma de Coahuila (México) – Convenios de cooperación académica e de intercambio de estudantes coa Universidade Western Sydney (Australia) – Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e as universidades galegas para a realización da preparación do inventario, salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural e inmaterial de Galicia.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 23.-** Elección para cubrir unha praza vacante polo sector de estudantes na Comisión de Investigación (delegada do Consello de Goberno).

Cédese a palabra á Secretaria Xeral quen sinala que non hai ningún candidato presentado, polo tanto continúa vacante a praza.

**Punto 24.-** Rogos e preguntas.

Teñen pedido intervención neste punto os profesores. M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Briones e Mariano Lastra Valdor, como responsables do grupo de investigación BV6 (situación do contratado Parga Pondal, Fernando Monroy Martínez).

A Prof. Iglesias Briones fai unha intervención que se incorpora como **anexo 9**, na que realiza unha serie de preguntas ao vicerreitor de Investigación.

O vicerreitor, con independencia da súa contestación por escrito, intervén relatando os feitos que deron lugar a situación actual en relación a este Parga Pondal e a súa decisión sobre a concesión desta praza. Actualmente ten permiso temporal especial para realizar varias tarefas de investigación e se estudará en que medida lle afecta a normativa aprobada hoxe.

Sobre as distorsións no funcionamento do grupo, o vicerreitor sinala que os proxectos de investigación tense que levar a cabo coas persoas que asinan o proxecto e non con outras que se incorporan despois.

En canto a política de concesión de prazas non hai cambio na política, outra cousa é que se planteen outras novas liñas de traballo pero sería un tema a falar coa Comisión de Investigación.

O Prof. Mariano Lastra fai unha intervención incorporada como **anexo 10** onde tamén realiza unha serie de preguntas ao vicerreitor de Investigación.

O vicerreitor despois de sinalar que lle contestará por escrito, manifesta que descoñece si o investigador poderá intervir no plan de promoción, tema que analizará con detalle. Sobre o intercambio de investigadores entre institucións sinala que debe ser avalado entre os dous responsables e autorizado pola Dirección Xeral.

En canto ao dobre raseiro, debe terse en conta que os mellores candidatos non son solo os da casa. Non debería haber dobre raseiro nin por parte dos grupos nin por parte da institución.

Intervén o Sr. Torres para agradecer á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes a organización dos programas de mellora de actividade física pero entende que son parciais porque só afectan ao campus de Vigo, pedindo que se programen tamén para os outros campus.

A vicerreitora sinala que a intención é estendelo tamén aos outros dous campus.

O vicerreitor do campus de Pontevedra sinala que polo momento carece de competencias en materia de deportes, pero que a idea é tamén implantar eses programas en Pontevedra.

A Prof<sup>a</sup>. González Vázquez roga que se revise a normativa reguladora das comisións xulgadoras das prazas de contratado doutor, en canto esixe ao presidente dous sexenios, aos titulares un e aos contratados doutores ningún.

O vicerreitor de Profesorado di que se procederá o seu estudo e no seu caso revisión.

Intervén o Prof. Pereira para rogar que se proceda a modificación da web da Universidade que é farragosa e necesita actualizacións en listas de correo, etc. Tamén pregunta pola existencia dun curso do CETAG na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais. Quere saber se este curso se organiza pola aula de innovación.

O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade resposta que este curso non é na aula de innovación senón que é na aula empresa aprobada pola COAP. En relación á web da Universidade, neste momento están en fase de programación e espérase que nun tempo prudencial poida porse en marcha.

O Prof. Berrocal expón que os servizos informáticos de xestión non funcionan e cando existen problemas informáticos ou da rede telefónica é imposible contactar con eles. Roga que se mellore o servizo. Tamén insiste na liña da Prof. González Vázquez no relativo á necesidade de revisión da normativa reguladora das comisións que xulgan as prazas de contratado doutor.

O vicerreitor de Profesorado reitera novamente a súa intención de revisala normativa.

Volve a intervir o Prof. Berrocal para rogar ao vicerreitor de Investigación que, como membro da Comisión de Investigación, que a información relativa á política de investigación lle sexa facilitada na comisión e non que se entere fora da mesma (situación dos Parga Pondal, unidades asociadas).

O vicerreitor de Investigación agradécelle o rogo e lle da a razón pero entende que hai situacións nas que os temas rozan cuestións persoais que no permiten levar os temas dese xeito á Comisión.

O Prof. Legido roga ao reitor que se remita escrito para que os profesores que aprobaron o primeiro exercicio dunha habilitación se lles considere como acreditados, posto que o contido concreto do primeiro exame se corresponde coa acreditación á que se refire a LOU.

O reitor resposta que primeiro deberíamos ter o decreto de acreditación e, unha vez coñecido o seu contido, despois sería adecuado facer este rogo.

Éntrase nun debate sobre o a conveniencia ou non desta petición entre o reitor e o Prof. Legido.

Finalmente conclúe o reitor dicindo que debería sondarse o ambiente e cando teñamos nas mans o primeiro borrador de acreditación tomar unha decisión ao respecto.

Intervén o Prof. Berrocal para preguntar sobre se vai haber plan de xubilación anticipada. Ao que resposta o vicerreitor de Profesorado que está aberto.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas do día 9 de maio de 2007 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M<sup>a</sup> González Pillado